

Resolución do 18 de xuño de 2019, pola que se concede unha bolsa de formación na Escola Galega do Consumo, dependente do Instituto Galego do Consumo e da Competencia, convocada por Resolución de 25 de febreiro de 2019, e se establece a lista de reserva

Mediante Resolución do 25 de febreiro de 2019 (DOG núm. 53, de 15 de marzo de 2019), establecéronse as bases reguladoras para a concesión dunha bolsa de formación na Escola Galega do Consumo, dependente do Instituto Galego do Consumo e da Competencia, e se procedeu á súa convocatoria para o ano 2019.

Unha vez concluído o prazo de presentación de instancias e avaliadas as solicitudes presentadas de acordo cos criterios fixados no artigo 7 das bases reguladoras, a comisión de valoración elevou a persoa proposta para a concesión da bolsa e a lista de reserva para o caso de non aceptación ou renuncia da bolsa concedida.

En virtude do anterior, e de conformidade co establecido no artigo 19.2 das bases reguladoras,

RESOLVO:

Primeiro.- Concederlle a bolsa de formación na Escola Galega do consumo, dependente do Instituto Galego do Consumo e da Competencia, a persoa beneficiaria que se relaciona no anexo I desta resolución.

A bolsa estará dotada con 900 euros brutos por mes.



Segundo.- Establecer a lista de reserva, por orde de prelación, que se indica no anexo II desta resolución para o caso de non aceptación ou renuncia da bolsa concedida.

Terceiro.- Inadmitir as solicitudes presentadas polas persoas que se relacionan no anexo III desta resolución, por non cumprir cos requisitos esixidos no artigo 5 das bases reguladoras.

Cuarto.- Desestimar as demais solicitudes presentadas ao abeiro do establecido nos artigos 6 e 17 das bases reguladoras (anexo IV).

Quinto.- Dispoñer gastos mediante a expedición dos correspondentes documentos contables con cargo ás partidas orzamentarias 09.80.613A.480.0, "formación en materia de educación para o consumo responsable" e 09.80.613A.484.0, "cotas Seguridade Social bolseiros" dos orzamentos xerais da comunidade autónoma para o ano 2019, e que se destinarán ao pagamento da persoa bolseira e das costas da Seguridade Social.

A contía da bolsa calcúlase desde a data de incorporación da persoa beneficiaria ata o 31 de decembro de 2019.

Sexto.- A persoa beneficiaria deberá comunicar a súa aceptación ou renuncia no prazo máximo de cinco días hábiles contados desde o seguinte ao da notificación desta resolución.

Despois de transcorrer o dito prazo, se a persoa beneficiaria non se declarase en ningún sentido, entenderase que renuncia á bolsa.





No caso de que a persoa beneficiaria non acepte a bolsa, non poida incorporarse por calquera outro motivo ou renuncie á bolsa, poderá ser substituída polas persoas que figuran na lista de reserva en función da orde de prelación.

Sétimo.- A persoa beneficiaria da bolsa terá as obrigas establecidas no artigo 24 das bases reguladoras, “Obrigas da persoa beneficiaria”.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, cabe interpoñer recurso potestativo de reposición ante o órgano que a ditou, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, ou ben directamente recurso contencioso administrativo ante a Sala do Contencioso - Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses que se contarán desde a mesma data. En todo caso, non se poderá interpoñer recurso contencioso - administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición.

Notifíquese esta resolución ás persoas interesadas.

Santiago de Compostela, 18 de xuño de 2019

A directora do Instituto Galego do Consumo e da Competencia

Sol Mª Vázquez Abeal





ANEXO I

Persoa beneficiaria da bolsa de formación na Escola Galega do Consumo

Nº expte.	Solicitante
IN117A/19/2	Abad de Larriva, Ana

ANEXO II

Lista de persoas suplentes, por orde de prelación, para cubrir as vacantes que se poidan producir por non aceptación ou renuncia da bolsa concedida

Orde	Nº expte.	Solicitante
1	IN117A/19/1	Álvarez Álvarez, Almudena
2	IN117A/19/3	Castro Silva, Ángel
3	IN117A/19/10	Parada Pacheco, Patricia
4	IN117A/19/12	González Vázquez, Yolanda

ANEXO III

Lista de solicitudes non admitidas

Nº expte.	Apelidos	Nome	Causa/s non admisión
IN117A/19/4	Caballero Fernández	Damián	Artigo 5. c) das bases reguladoras
IN117A/19/5	Ojea Ferreiro	Daniel	Artigo 5. c) das bases reguladoras
IN117A/19/8	García Novoa	Lorena	Artigo 5. c) das bases reguladoras

ANEXO IV

Lista de solicitudes desestimadas

Nº expte.	Apelidos	Nome	Causa desestimación
IN117A/19/6	Fernández García	Davide	Artigos 6 e 17 das bases reguladoras
IN117A/19/7	Serra Rivas	Mara	Artigos 6 e 17 das bases reguladoras





IN117A/19/9	Cochón Castro	Lorena	Artigos 6 e 17 de las bases reguladoras
IN117A/19/11	González López	Paula	Artigo 17.3 das bases reguladoras



